

# A LEDICIA DE LER

“Italo Calvino”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 26 de setembro de 1985



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

# Italo Calvino

---

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 26 DE SETEMBRO DE 1985

Oínlle falar del con entusiasmo a Álvaro Cunqueiro, que o admiraba. Despois, buscando un día textos sobre o demo, batín cunhas liñas escritas por el, que trataban o tema nunha dimensión pouco literaria, nada fantástica, como quizais non se podía esperar. Era unha reflexión metafórica, pero aguda e lúcida, seguramente amarga, sobre a impostura da linguaxe estereotipada, a versión laica e profana do demo visto por un espírito agnóstico, inimigo de toda simplicidade.

En galego publicouse hai oito anos un dos relatos de *As cósmicas*, libro aparecido en Italia en 1965. Deuse a coñecer en *Grial* e foi traducido por Cosme Barreiros, é dicir, por Francisco Fernández del Riego, que se volveu ocupar do escritor italiano no seu libro titulado *Letras do noso tempo*. Na mesma revista, Álvaro Cunqueiro tiña escrito, tamén con pseudónimo, notas críticas sobre algunhas das súas obras. Son as únicas referencias galegas que coñezo e quizáis sexan as únicas.

Italo Calvino foi un dos mestres do relato breve, o xénero que cultivou asiduamente desde que se iniciara como escritor en 1947, cando tiña vintedous anos. Primeiro foron os contos realistas da inmediata posguerra, que agrupo no volume *I Racconti*. Despois as narracións de corte intelectual da segunda etapa da súa vida, nas que a imaxinación se puña ao servizo da cultura e da intelixencia, tan eminentes ambas no escritor que acaba de desaparecer.

Pero por entre eses valores, que todos admiraban, hai en Calvino outras facetas que inspiran emoción e simpatía. Refírome concretamente á súa confesada admiración por un escritor inesquecible, R. L. Stevenson, ao cal tivo sempre por mestre. No fondo era a confesión dunha encantadora debilidade: o gusto pola historia, o entusiasmo pola aventura, a devoción polo humano. É dicir, a paixón pola vida.

\* \* \*